



# prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de 3 anos

A **Consellería de Política Social** establece as bases que rexerán a concesión da *prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2018* (código do procedemento *BS410A*) segundo a Orde do 29 de decembro de 2017 (DOG núm.: 22 do 31/01/2018).

Poderán ser **beneficiarios** aquelas persoas que teñan menores de 3 anos o 1 de xaneiro de 2018 (nados entre o 2-1-2015 e o 1-1-2018, inclusive) e **que, durante o ano 2016, nin elas nin ningún membro da unidade familiar estivesen obrigados a presentar a declaración do IRPF correspondente a este período, nin a tivesen presentado de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso.** Tamén se poderán acoller a esta axuda no caso de fillos adoptados ou acollidos entre o 31 de decembro de 2016 e o 31 de decembro de 2017; así como os estranxeiros que residan en Galicia sempre que cumpran as condicións da Lei orgánica 4/2000 e os requisitos establecidos nesta norma e tivesen a condición de contribuínte para os efectos do disposto na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do IRPF.

**Contía:** cando sexa a **primeira filla/o: 360 €**; cando sexa a **segunda filla/o: 1200 €**; cando sexa a **terceira filla/o e sucesivos: 2.400 €.**

## Requisitos:

- Que as persoas proxenitoras teñan a súa residencia habitual en Galicia.
- Que os menores convivan coa persoa solicitante na data da solicitude.
- Os requisitos para ter dereito a prestación deberán reunirse o último día do prazo de presentación.

## Documentación:

- A **Solicitude** no modelo oficial que figura como **Anexo I**, poderá achegalo en soporte papel cuberto e asinado pola persoa solicitante, xunto coa documentación necesaria ou, por vía electrónica no enderezo da sede electrónica da Xunta de Galicia <http://sede.xunta.gal>, (será necesaria unha copia dixitalizada da documentación que solicitan, de ser o caso).
- O **Anexo II**, cuberto e asinado polo outro proxenitor (parella ou cónxuxe do solicitante).
- Copia do todas as follas do/s libro/s de familia, para os efectos de acreditar a data de nacemento e a orde que ocupa o fillo ou filla.
- No caso de nulidade, separación ou divorcio copia da sentenza ou da resolución xudicial que estableza as medidas paterno-filiais das fillas e fillos comúns, co convenio regulador, de ser o caso.
- No caso de adopción ou acollemento formalizado noutra comunidade autónoma, a resolución xudicial ou administrativa.
- O **volante** de empadramento colectivo (**pídese no Concello e, é gratuíto**)

Os **anexos I e II** desta convocatoria estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal>.

**Prazo:** ata o **21 de marzo de 2018.**

Para máis información nos Servizos Sociais ou chamando ao telef.: **981-73 70 04.**

Camariñas, 2 de febreiro de 2018

A Concelleira de Servizos Sociais, Igualdade e  
Promoción do Encaixe  
Sandra Insua Rial